



## A Consellaría non recolle as demandas principais do profesorado e presenta un texto sen cambios substanciais

A Consellaría trae á Mesa de novo este documento con cambios mínimos, ningún de calado e ningún que responda ás demandas reais do profesorado quen volveu enviarnos as mesmas achegas que quedaron sen atender. Tal e como se dixo hai 15 días, unha negociación real non é traer dúas veces seguidas o mesmo documento á mesa. É aceptar reivindicacións e chegar a un acordo. O resto é facer un paripé.

Despois de 15 anos desde o inicio dos recortes nos horarios do profesorado galego estamos ante a oportunidade de recuperar o que tiñamos e de adaptar a xornada laboral docente ás necesidades actuais do ensino público en todas as ensinanzas que cambiaron, e moito, neste tempo. As propostas da CIG-Ensino son todas razoábeis e realistas e volvémoslas presentar neste órgano porque o noso obxectivo sempre foi negociar, e así o avalan a convocatoria de 6 xornadas de folga e as mobilizacións deste curso, ao contrario do que dixo o presidente Rueda e do que está facendo a Consellaría que é limitarse a emendar algún esquecemento técnico e pouco máis. Agardamos que haxa vontade de continuar con esta negociación e que se incorporen as propostas que nos volveu transmitir o profesorado malia o escaso tempo do que dispuxo desde a convocatoria desta mesa. Se

hoxe se dá por zanzado este tema demostrárase que a que nunca tivo intención de negociar foi a Consellaría e que este documento non foi o punto de partida de nada senón o punto final ao que estaba disposta a chegar desde un primeiro momento.

Polo demais, insistimos en que calquera redución horaria ten que vir acompañada de maior dotación de profesorado e a administración ten que ter unha estimación de cantas novas contratacións van ser necesarias para acometela. Os datos son teimudos e o que se constatou até o de agora é que cada ano segue descendendo o número de mestres e mestras e que o incremento en Secundaria veu simplemente do aumento do colectivo de docentes de FP que se integraron neste corpo no curso 22/23.

### **Xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria**

#### **Apartado Primeiro**

**Négase a recuperación das 21 horas lectivas vixentes até 2011**, así como a inclusión no horario lectivo **de tempo para as coordinacións e titorías**. Tamén se nega **incluir a formación do profesorado dentro das horas de permanencia no centro**.

Reclamamos os 21 períodos lectivos en infantil e primaria.

Pedimos, que ao igual que no resto de corpos, non se indiquen horas e si períodos.

Reclamamos reducións no horario lectivo tamén para todas as coordinacións nos centros de infantil e primaria e nos centros de educación especial, así como para as titorías.

Pedimos que tamén se actualicen as horas de dedicación dos equipos directivos dos centros de infantil e primaria e dos CEE e se establezan para os responsables de centro.

Reclamamos que haxa unha hora dentro do período lectivo para a coordinación entre o persoal titor e o departamento de orientación.

Defendemos que a formación do profesorado ten que ir dentro do horario lectivo, e menos entendemos que no caso do corpo de mestras non estea nas horas de permanencia no centro.

## **Xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas**

### **Apartado segundo**

Solicitamos que se elimine todo o contido do punto 3. Non debe admitirse ningunha excepcionalidade para sobrepasar as 18 sesións lectivas.

A compensación introducida cando se sobrepasen as 18 sesións suporá que nalgún caso o profesorado teña, de facto, 21 horas lectivas. Por exemplo, un docente que teña 20 horas lectivas e ten que atender a unha familia pasa a ter 21.

No caso de impartir afíns deben reducirse as sesións lectivas a menos de 18 e eliminar a voluntariedade para superar o establecido. É

necesaria unha regulación clara, obxectiva e garantista da impartición de materias afíns.

Solicitamos eliminar a indicación de que o equipo directivo asignará ao profesorado outras funcións na hora de titoría de atención a nais e pais e alumnado no caso de non existir citas previamente concertadas para a atención a familias. O profesorado ten traballo que facer, non soamente atender familias e alumnado, senón tamén elaborar informes, coordinar información solicitada por outras titoras ou titores, preparar documentación, responder consultas ou facer seguimento de situacións concretas do alumnado. Reducilo só á reunión presencial ou formal non responde á realidade do traballo docente.

Solicitamos que a realización de gardas da mesma tipoloxía compute como unha sesión sempre que a súa suma non sexa de máis de 50 minutos, e debe estar indicada a duración das gardas de transporte.

A reunión de departamento debe constar no horario semanal lectivo como así acontecía antes dos recortes.

Eliminar do punto 7 o apartado de titorías de nais pais e alumnado.

Defendemos que a formación do profesorado ten que ir dentro do horario lectivo e que non se faga distinción entre as actividades que organiza a Consellaría e as das entidades homologadas por ela.

### **Apartado terceiro.**

#### **Punto 1**

Solicitamos que se inclúan neste punto aos equipos directivos dos CPI.

**Aceptada, ao incluírse un novo punto 2 coa asignación dos equipos directivos dos CPI. Pedimos que nos confirmen se o que ten que ver coa asignación horaria das xefaturas de**

estudos de adultos de só tres horas é para os CPI e non para os restantes centros

Na redución horaria dos membros do equipo directivo, solicitamos que se aclare que aqueles centros nos que ademais de ESO e Bacharelato se imparta algún ciclo de FP estarán clasificados polo menos na tipoloxía C. **Eliminaron o criterio de número de alumnado para determinar o tipo de centro que é (A, B, C, D1, D2), pero non se indican agora os criterios que se establecen.**

A asignación horaria para os membros dun equipo directivo non debe estar supeditada á dispoñibilidade de profesorado.

### **Punto 3**

A redución horaria para xefaturas de departamento dentro da parte lectiva debe ser, como mínimo, de 1 hora para departamentos unipersoais, 2 para departamentos de menos de 15 membros e 3 para departamentos de 15 ou máis membros como mínimo.

**Incluíron nas reducións horaria as xefaturas de departamento dos CPI e das EPAPU**

### **Punto 4**

Solicitamos que as asignacións horarias vinculadas ao desempeño de funcións de coordinación sexan de aplicación tamén nos CPI. **Aceptárono, incluíndo o persoal de secundaria nos CPI e nas EPAPU**

Consideramos que hai excesiva responsabilidade nas direccións dos centros para determinar as sesións complementarias fixas que se asignan a cada cargo, e estase a abrir a porta a unha desigualdade de condicións laborais entre docentes de distintos centros. Deben establecerse criterios obxectivos e unificados para evitar que o reparto de tarefas dependa exclusivamente

da vontade dun equipo directivo ou da dispoñibilidade de persoal nos centros.

Tal e como está a situación sociolingüística actual, sobre todo na franxa de idade escolar, solicitamos que se reforce a coordinación do equipo de normalización lingüística. É impresentable que se pase de tres sesións lectivas a unha. **O único cambio que fan é permitir aumentar as reducións nas complementarias fixas, pero manteñen unha soa lectiva.**

O mesmo ocorre coas coordinacións de FCT, que pasan de ser todas lectivas a só unha e non se incorpora sequera a flexibilidade de incrementar as complementarias fixas, como na de EDLG.

Consideramos tamén insuficiente unha hora lectiva para as figuras de coordinación ou responsable de biblioteca ou coordinación TIC.

Solicitamos asignación de dúas sesións complementarias fixas ao profesorado representante do Consello Escolar.

Falta asignación horaria para a coordinación de igualdade.

Falta asignación horaria para a coordinación de FPP.

Solicitamos asignación horaria lectiva para coordinacións de plans como o Plan Dixital e o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudábeis. Só incluíron asignación horaria para a coordinación do Club de Ciencia, unha hora lectiva e complementarias fixas a determinar pola dirección.

Sería preciso aclarar que ocorre cando unha persoa acumula varios cargos, entendemos que ten que acumularse a asignación horaria por cada cargo.

**O único cambio nas coordinacións é que engaden sesións complementarias fixas para profesorado que participe ou colabore en**

seccións bilingües, bibliotecas non PLAMBE ou equipo TIC, e unha hora lectiva para a coordinación do Club de Ciencia.

## **Profesorado de FP e réxime especial**

Todo o que ten que ver coas condicións horarias do profesorado de FP e de ensinanzas de réxime especial debería ser tratado como un apartado diferenciado porque hai casuísticas que non se contemplan aquí, como as titorías de ciclo que estaban fixadas entre 1 e 3 horas lectivas segundo a Orde do 1 de agosto de 1997 e que agora quedan reducidas a 1, as titorías de FCT e, sobre todo, que non se ten en conta a maior duración dos períodos lectivos nos CIFP, escolas de idiomas, conservatorios e escolas de arte á hora de establecer unha compensación no horario semanal.

## **Conclusións**

Non se recuperan as 21 horas en primaria nin as 18 en secundaria. Neste último caso pasamos de ter un máximo de 20 horas lectivas a ter un mínimo de 18 porque a excepción será a norma. Ademais saíran penalizadas as persoas que asuman coordinacións e xefaturas de departamento e increméntanse as tarefas a realizar no horario complementario fixo.

No caso de infantil e primaria o persoal docente queda discriminado ao non incluírse no seu horario lectivo as titorías e coordinacións nin se actualiza a dedicación para os seus equipos directivos. A Consellaría xoga a dividir ao profesorado con medidas diferenciadas por corpos.

Exiximos uns criterios claros para o establecemento dos cupos dos centros de secundaria, bacharelato e FP, que teñen que contemplar cando menos:

-Número de sesións de cada materia ou módulo, como mínimo coa oferta que ten o

centro este curso, tendo en conta as optativas e os grupos necesarios.

-Non superar en ningún caso as 18 sesións lectivas por docente

-Ter en conta as asignacións de sesións lectivas do equipo directivo, das titorías e das coordinacións.

-Garantir profesorado de garda suficiente.

## **Que falta neste documento?**

Faltan as demandas que toda a comunidade educativa leva reclamando nos últimos anos, e con máis intensidade este curso:

-Baixada de ratios no primeiro curso de todas as etapas a partir de setembro deste ano e non agardar a que estas se vaian acomodando á demografía.

-Plan real de redución da burocracia.

-Redución do horario lectivo para maiores de 55 anos contemplada na LOE e aplicada xa en moitas comunidades.

-Novo acordo retributivo cun incremento do complemento autonómico para todo o profesorado.

-Recuperación do cobro do pagamento do verán para o persoal substituto que traballe cando menos 5 meses e medio.

-Fin da discriminación salarial do profesorado especialista de sectores singulares da FP.